

Vocabulario específico sobre o sector secundario

Agroindustria: Actividade industrial vinculada ó campo, á agricultura e á gandería. Este tipo de industrias consumen produtos intermedios e transforman produtos que proveñen da agricultura ou da pesca en máis dun 50%.

Economías de escala: Concepto que expresa as vantaxes que para unha empresa comporta a súa localización nun determinado entorno: Cando se produce unha concentración xeográfica das industrias as fábricas benefíciáanse de infraestruturas colectivas e repártense o custe destas. Cerca dun grande mercado de consumo economizan en gastos de transporte, benefíciáanse da concentración de man de obra ou de incentivos fiscais.

Enerxía hidroeléctrica: Fonte de enerxía que se obtén dunha central hidroeléctrica. É unha enerxía renovable, orientada á produción de electricidade. Obtense a partires de turbinas accionada pola auga, ben mediante saltos naturais, ben mediante presas.

Enerxía nuclear: Fonte enerxética obtida nunha central nuclear mediante a realización dunha reacción nuclear. Pode ser de dous tipos, de fusión ou fisión. Na actualidade baséase na xeración de calor mediante a fisión dos núcleos atómicos de uranio e a posterior transformación do calor en enerxía eléctrica. Un grave problema que presenta este tipo de enerxía é o dos residuos que xenera (altamente contaminantes) e as consecuencias catastróficas derivadas dun posible accidente.

Enerxías renovables: Fontes enerxéticas limpas e renovables en proceso de investigación e desenvolvemento pero que na actualidade son claramente insuficientes para cubrir a demanda enerxética. Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables están a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, mareomotriz, a biomasa e os biocombustibles. A enerxía eléctrica producida en Galicia procede en un 46,8% de enerxías renovables, principalmente de enerxía eólica e hidráulica.

Enerxía térmica: Fonte de enerxía que se obtén nunha central térmica. Non é renovable, estando orientada á produción de electricidade. Esta obtense a partires

de turbinas accionadas polo vapor de auga xenerado pola combustión de combustibles fósiles.

Difusión industrial ou deslocalización: é a tendencia actual de localización industrial. Consiste na difusión da industria cara espazos periféricos ata agora pouco atractivos debido aos problemas que presentan as grandes concentracións industriais (encarecemento do solo, conflictividade laboral). Este proceso realízase a escala mundial (as multinacionais trasvasan a algúns países parte da súa produción), e a escala nacional (dos núcleos urbanos ao entorno rural) debido aos menores custos de instalación.

Fondos estruturais: os Fondos Estructurais son instrumentos da Unión Europea encamiñados a reforzar a súa cohesión económica e social. No período 2007-2013, a Unión Europea contaba con dous Fondos Estructurais: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo (FSE). O FEDER ten como obxectivo reducir as diferenzas entre as rexións europeas. Desde 1975 concede axudas para a construción de infraestruturas. O FSE está destiñado a fomentar as oportunidades de emprego e mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores, así como a facilitar a súa adaptación ás transformacións industriais. Financia principalmente actividades de formación.

Fonte de enerxía: recursos naturais dos que podemos obter enerxía.

Industria básica ou pesada: Aquela que produce bens necesarios para o desenvolvemento doutras actividades industriais.

Industria lixeira: Actividade do sector secundario que se orienta á obtención de produtos dirixidos directamente ó consumo. Necesita menos inversión que a industria pesada e ten menor dependencia das fontes de enerxía e das materias primas.

Industria manufactureira: Aínda que literalmente refírese ós artigos fabricados a man, sóese aplicar á fabricación a gran escala mediante o emprego de maquinaria.

Industria petroquímica: Industria química que se orienta á obtención de produtos derivados do petróleo.

Industria siderúrxica ou Siderurxia: Actividades do sector secundario que se ocupa do traballo e a fundición do ferro e do aceiro.

Industrias verdes: unha industria verde é aquela na que o valor central non é o crecemento económico senón o desenvolvemento sostible -a través do respecto ao medio ambiente e o uso preferente de enerxías alternativas ou renovables-. Unha industria verde crea valor económico, medioambiental, social. Polo tanto, nelas un valor fundamental é o de evitar a contaminación industrial e o deterioro d paisaxe.

Industrialización: Desenvolvemento e expansión da industria nun país., rexión, área, etc. Tamén se pode referir este termo á aplicación de métodos industriais a outras actividades (por exemplo, a industrialización da agricultura).

Materia prima: Produtos extraídos do subsolo (materia prima mineral) ou subministrados pola agricultura e a silvicultura e que son empregados pola industria para fabricar produtos elaborados ou semielaborados. Son elementos clave para a industria, aínda que a súa existencia nun determinado espazo non condiciona necesariamente o despegue ou posterior evolución do sector industrial, ó intervir outros factores máis complexos.

Materias primas estratéxicas: son aquelas que ademáis de por ser escasas, acadan nos mercados internacionais un valor notable pola súa utilización en industrias de tecnoloxía punta, armamentista ou por condicionar a riqueza mundial. En moitos casos son causa de guerras neoimperialistas para abastecer ás grandes potencias industriais. Ademáis do petróleo, gas e uranio, están outras como o coltan, diamantes, manganeso, cobalto, aluminio, cobre, grafito, cromo, níquel, platino, titanio...

Parque tecnolóxico: Espazo que conta con grandes inversións oficiais co fin de atraer empresas nacionais e estranxeiras adicadas a sectores punta, xeradoras de innovación.

Son espazos industriais que integran actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) e de produción, xeneralmente relacionadas coas novas tecnoloxías (informática, biotecnoloxía). Localízanse nas aforas de grandes cidades en lugares ben comunicados. Son construídos por iniciativa pública. En Galicia un dos máis importantes é o creado en 1992 en San Cibrao das Viñas (Ourense)

Polígono industrial: Centro industrial que se localiza en áreas suburbanas pouco habitadas que posúen importantes vías de comunicación para facilita-la entrada de materias primas, de fontes de enerxía e a saída de mercadorías. A produción

oriéntase a mercados da zona e predominan bens de consumo e productos alimenticios

Reconversión industrial: Adaptación e reestructuración dun sistema productivo anticuado(que quedou obsoleto) e sen innovacións tecnolóxicas, a outro modelo industrial aberto ás novas esixencias do mercado sempre en condicións de competitividade (introduce o emprego da automatización, da robótica, da telemática). Todo isto dentro dunha estrutura que está evolucionando cara a gran empresa multiplanta, con establecementos de tamaño medio máis flexibles e orgánicamente mellor distribuídos

Subcontratación: a subcontratación, *outsourcing* ou *tercerización* é o proceso económico no que unha empresa move ou destiña os recursos orientados a cumprir certas tarefas cara unha empresa externa por medio dun contrato. Por exemplo, unha compañía adicada a demolicións pode subcontratar a unha empresa adicada á evacuación de refugалlos para a tarefa de desfacerse dos escombros, ou unha gran empresa de telefonía móbil pode contratar a outras empresas para levar a cabo tarefas de instalación, mantemento, etc.